

**CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CONCELLARÍA DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA, MOBILIDADE
E RELACIÓNS VECIÑAIS**

Pza. Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542439 * www.santiagodecompostela.gal

Este venres 21 dará comezo en Santiago de Compostela unha das semanas máis activas e reivindicativas do presente: a Semana Europea da Mobilidade (SEM). Este movemento traballa dende hai anos pola necesidade de transformar as cidades en espazos máis humanizados, co obxectivo de recuperarmos o protagonismo das persoas nas nosas urbes. Dende un espírito lúdico e educativo a Semana da Mobilidade pretende facer fincapé na búsqueda de modos de desprazamento sostibles e respectuosos co Medio Ambiente, buscando a redución de gases contaminantes e mellorando a calidade do aire que respiramos.

Neste ano 2018, desde o Concello de Santiago organizamos, man a man con diversas asociacións da cidade, un conxunto de actividades que terán como denominador común a humanización do espazo público. Como elemento distintivo desta edición, outorgarase ás actividades unha perspectiva de xénero que reivindica a figura da muller neste proceso de humanización da cidade. Dentro do marco educativo da SEM, consideramos importante achegar aos centros de ensino de Compostela a presente carta, na que sintetizamos as actividades orientadas aos máis cativos e cativas, que poderán pasar un bo rato educándose á vez que fan cidade.

Agradeceríamos, polo tanto, que dende o seu centro comunicasen ao alumnado, mediante o mecanismo que consideren máis acaído, a oferta das seguintes actividades, dentro do marco dunha serie de actividades:

Lema da Semana da Mobilidade: Combina, Móvete, Empodérate. A Rúa é Nosa.

Actividades da Semana Europea da Mobilidade dirixidas a nen@s:

- Día 22 de Setembro: Parking Day.
Lugar: Na Rúa Doutor Teixeiro
Horarios: 10:00-14:00.
Xogos, actividades e sorpresas.
A actividade consiste en facer uso do espazo público destinado durante o resto do ano a aparcamento de vehículos.
- Día 23 de Setembro. Día da Bicicleta.
Lugar. Rúa Xoán Carlos I e Paseo Central da Alameda.
Horarios.
10:00-12:00 Reparto de camisetas, inscrición e xogos para nenas e nenos no Paseo Central da Alameda
12:00 Actuacións musicas
12:30 -13:30 Pedalada pola cidade adaptada a todas as idades
13:30-14:00 Sorteos de Agasallos

Un cordial saúdo,

O Concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda,
Mobilidade e Relacións Veciñais,

Asdo.: Jorge Duarte Vázquez

